

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE METODOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO IMPACTO SOCIOECONOMICO DO CAMIÑO DE SANTIAGO A ESCALA LOCAL: APLICACIÓN O CAMIÑO PORTUGUES NO MARCO DO PROXECTO 0585_FACENDO_CAMIÑO_ 1_P COFINANCIADO NUN 75% POLO PROGRAMA INTERREG VA ESPAÑA-PORTUGAL FEDER

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, en calidade de presidente da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

Doutra parte, D. Xosé Lago García, en calidade de director da **Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal - Agrupación Europea de Cooperación Territorial** (en adiante AECT), con domicilio en Rúa Eduardo Cabello s/n, Bouzas (Edificio CETMAR), 36208, Vigo.

E doutra parte, D. Antonio López Díaz, en representación da **Universidade de Santiago de Compostela** (en adiante, USC), con domicilio en Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro s/n, 15782 – Santiago de Compostela, en calidade de Reitor, en virtude do Decreto 62/2014 do 28 de maio da Xunta de Galicia (DOG do 04/06/2014).

As partes que interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas para convenir en nome das entidades que representan.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos os labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, directamente ou a través de convenios e concertos con institucións públicas e privadas.

É con este fin que se atribúe funcións de dirixir e coordinar as actuacións relativas á análise, estudo, coñecemento e estatísticas no eido turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo.

En particular, a Axencia Turismo de Galicia ten interese en dar resposta a una falta de información persistente relativa ao impacto do Camiño de Santiago en Galicia, e en particular na vía do Camiño Portugués, tanto no eido económico como no demográfico, social e ambiental. Preténdese deste xeito fornecer de información aos axentes dos sector para facilitar as tomas de decisións baseadas en datos que permitan a mellor ordenación e dinamización de Galicia no que respecta a este eixo vertebrador que é o Camiño na súa variante do Camiño Portugués.

A Axencia Turismo de Galicia, a través da Área de Estudos e Investigación da Dirección de Competitividade, conta con técnicos expertos en investigación sobre o turismo.

SEGUNDO.- Que a Agrupación Europea de Cooperación Territorial - Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT) ten como obxectivo facilitar e fomentar a cooperación territorial entre os seus membros, a Xunta de Galicia e a CCDR-N, superando as expectativas en diferentes niveis, onde a súa principal preocupación é a de desenvolver e proporcionar colaboracións, creando así vínculos de unión en diferentes áreas de actuación.

Pretende con iso, promover e valorizar a competitividade do tecido empresarial a través do coñecemento e da innovación, potenciar e racionalizar os equipamentos básicos transfronteirizos e aumentar a cohesión social e institucional da Eurorrexión.

TERCEIRO.- Que a USC é unha entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico. A USC conta con expertos investigadores de contrastada solvencia que conxugan unha ampla traxectoria tanto na análise de impactos socioeconómicos como nas temáticas turísticas. Concretamente, o Grupo de investigación

GAME (Grupo de Análise e Modelización Económica) do IDEGA coordina unha liña de investigación sobre os impactos socioeconómicos a escala local do desenvolvemento da actividade turística con especial interese no estudo dos impactos do Camiño de Santiago nos territorios por onde discorre. Froito do traballo realizado nos últimos anos, o GAME-IDEGA dispón de diferentes modelos e desenvolvementos metodolóxicos que permiten unha análise detallada do impacto socioeconómico a escala local que poden ser adaptados a diferentes territorios con características sociais, económicas, físicas e xeográficas particulares.

CUARTO.- Que a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, AECT e a USC responde ao interese común das partes en afondar no coñecemento do impacto do turismo a escala local, especialmente do relacionado co desenvolvemento na vía do Camiño Portugués. Para acadar este obxectivo é necesario adaptar as ferramentas de investigación elaboradas en colaboración nos últimos anos e mesmo desenvolver outras novas ferramentas de análise que permitan a avaliación dos resultados económicos, sociais, demográficos e ambientais da actividade turística dende unha perspectiva local específica do Camiño Portugués. Adicionalmente a análise local require recadar información, ata hora non dispoñible e que supón un importante esforzo tanto no seu deseño como no coste económico que supón a súa recollida e preparación para a posterior utilización nos modelos de avaliación.

Ademais das importantes diferenzas no volume de peregrinos (e no seu perfil) que transitan por cada ruta, o que supón diferenzas importantes no seu impacto territorial, tamén as características físicas, económicas e culturais dos diferentes itinerarios son moi significativas. Mentres case o total das parroquias polas que discorre o Camiño francés están caracterizadas como rurais pouco poboadas, as parroquias no caso do camiño Portugués son basicamente urbanas e nalgún caso de alta densidade de poboación. O impacto e o aproveitamento do paso dos peregrinos dificilmente pode equipararse e require de análises específicas e desenvolvementos metodolóxicos que permitan captar esas especificidades en cada contexto particular.

QUINTO.- Que a Axencia de Turismo de Galicia e a AECT son beneficiarias do proxecto 0585_FACENDO_CAMIÑO_1_P, cofinanciado nun 75% polo Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. As accións previstas neste convenio correspóndese coa acción prevista na actividade 3 do formulario de candidatura denominada “Estudio do impacto socioeconómico do Camiño portugués na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

As tres entidades consideran axeitado subscribir este convenio, para dar resposta ás necesidades descritas aproveitando as sinerxías que sen dúbida xurdirán da cooperación dos seus equipos humanos.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, AECT e a USC para o desenvolvemento dunha metodoloxía específica para o estudo dos impactos do Camiño de Santiago en Galicia pola vía do Camiño Portugués e a elaboración dun informe final que materialice os traballos realizados.

O proxecto desenvolverase nas fases que se detallan no anexo I deste convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

1. O orzamento estimado para o desenvolvemento completo do estudo previsto no convenio é de cincuenta e sete mil novecentos euros (57.900,00 €) (IVE incluído).

Os gastos executaranse na anualidade 2020 e distribuiranse do seguinte modo:

- A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións cubrirá os gastos vinculados ata un máximo de trinta e tres mil novecentos euros (33.900,00€) e farase con cargo á aplicación orzamentaria 04A2.761A.640.3, proxecto 2019 00003 dos seus orzamentos para o ano 2020 e se tramitará como expediente anticipado de gasto. Esta aportación está cofinanciada nun 75% polo Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a USC obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos importes unha vez presentada a documentación xustificativa establecida no presente convenio

- A achega da AECT é dun máximo de quince mil euros (15.000,00€) que serán executados na anualidade 2020. Esta aportación está cofinanciada nun 75% polo Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

A AECT procederá ao pagamento dos importes unha vez presentada a documentación xustificativa establecida no presente convenio

- A achega que realiza a USC para contribuír ao presente convenio é dun máximo de nove mil euros (9.000,00 €) distribuídos ao longo da anualidade 2020.

2. Esta convenio tramítase como expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2020.

Así mesmo estará sometido ao regulado na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao abeiro desta normativa, a achega da Axencia Turismo de Galicia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

TERCEIRA.- COMPROMISO DAS PARTES

1. A USC realizará todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a financiación da actividade polo Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e cumprir a normativa do POCTEP no referente ao uso de publicidade e logotipos que se pode descargar na páxina <http://www.poctep.eu/es/2014-2020/comunicación>.

- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia e a AECT en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Promocionar a “Marca Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso, así como a **marca do Xacobeo 2021**, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).
- Achegar a información que sexa requirida polo secretariado conxunto do POCTEP a efectos de control da execución das actuacións desenvolvidas.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Cumprir a normativa vixente en cada momento en materia de Protección de Datos Persoais, en concreto, ao cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 d Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais. Á finalización do convenio devolverá a Axencia Turismo de Galicia ou destruirá toda a información que lle foi proporcionada.

2. Pola súa parte, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a:

- Colaborar coas partes nas tarefas de investigación e divulgación dos resultados obxecto deste convenio.

- Proporcionar datos dos que dispón, relevantes para estas análises.
- Informar en todo momento á USC acerca dos requisitos a cumprir en materia de elixibilidade do programa Interreg-POCTEP (tales como incorporación de logotipos, mención ao financiamento, etc.)
- Pagar o importe establecido na cláusula segunda.

3. Pola súa parte, a ACT comprométese a:

- Colaborar coas partes nas tarefas de investigación e divulgación dos resultados obxecto deste convenio.
- Informar en todo momento á USC acerca dos requisitos a cumprir en materia de elixibilidade do programa Interreg-POCTEP (tales como incorporación de logotipos, mención ao financiamento, etc.)
- Pagar o importe establecido na cláusula segunda.

CUARTA.- PERSOAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outra natureza entre os profesionais que desenvolvan as actividades obxecto deste convenio e a Axencia Turismo de Galicia.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

QUINTA.- RESULTADOS CONXUNTOS

Todos os resultados obtidos como consecuencia da colaboración obxecto deste convenio serán propiedade conxunta, a partes iguais, da Axencia Turismo de Galicia, da AECT e da USC na medida que os resultados sexan susceptibles de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, e seralles de aplicación o disposto no art. 7 do Texto Refundido da Propiedade Intelectual, relativo á obra en colaboración.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por todas as partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e

gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1º.- As achegas da Axencia Turismo de Galicia e da AECT serán libradas á USC previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, para o que a USC deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento das actuacións obxecto do convenio, xunto co informe final establecido na cláusula primeira.
- Certificación económica detallada onde se relacionen os gastos que se imputan á xustificación, así como certificación do seu pagamento, emitido polo órgano competente da USC.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

2º.- Establécense as seguintes fases na execución e pagamento do presente convenio, que se detallan no Anexo I que se incorpora ao convenio:

Primeira fase: Fase preliminar: Adaptación da metodoloxía deseñada para a avaliación do impacto socioeconómico ao camiño portugués.

Pagamento:

Axencia de Turismo de Galicia: 11.300 €

AECT: 5.000 €

Segunda fase: Fase I. Detalle información de campo residentes. Caracterización dos territorios (Galicia e Norte Portugal)

Axencia de Turismo de Galicia: 11.300€

AECT: 5.000 €

Terceira fase: Fase II. Detalle información de campo peregrinos. Visualización

Axencia de Turismo de Galicia: 11.300€

AECT: 5.000 €

Todos estes importes poderían incluír IVE no caso de que este non sexa un gasto recuperable ou compensable pola universidade.

3º.- A entrega da documentación xustificativa de cada fase ten a seguintes datas de presentación máximas:

Primeira fase: 31 marzo 2020.

Segunda fase: 31 agosto 2020.

Terceira fase: 15 novembro.

4º.- A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total inicialmente previsto neste convenio, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

5º.- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

6º.-A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incurrido a USC como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constitúese unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio. A comisión está composta por dous membros de cada unha das partes correspondendo a presidencia á Axencia Turismo de Galicia que terá voto de calidade. A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Os membros que compoñen a comisión de seguimento son:

- José Luis Maestro Castiñeiras, xefe de Competitividade (presidente da comisión), ou persoa en quen delegue
- Jaime Leirós Alonso de Velasco, xefe da Área de Estudos e Investigación, ou persoa en quen delegue
- Vicente Pérez Muñuzuri, vicerreitor de Investigación e Innovación ou persoa en quen delegue
- Melchor Fernández Fernández, profesor titular da USC, ou persoa en quen delegue
- Xosé Lago García, director da AECT, ou persoa en quen delegue
- Graça Fonseca, secretaria-subdirectora da AECT, ou persoa en quen delegue

OITVA.- RESOLUCIÓN E MODIFICACIÓNS DO CONVENIO.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE.

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

O convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo o Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

DÉCIMA.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais datos recollidos no presente acordo no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia
O presidente

Pola USC
O reitor

Román Rodríguez González

Antonio López Díaz

Por AECT
O director

Xosé Lago García

ANEXO I: PLAN DE TRABAJO E OBXECTIVOS CONCRETOS

FASE 0: ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA DESEÑADA PARA A AVALIACIÓN DO IMPACTO SOCIOECONÓMICO AO CAMIÑO PORTUGUÉS (Xaneiro 2020-Marzo 2020)

- Descrición principais características socioeconómicas dos concellos do trazado do camiño portugués (Central e Costa) en Galicia e Norte de Portugal.
- Descrición do Camiño (orografía, clima, etapas, evolución comparada volume peregrinos, características socio demográficas perfil peregrino e dos residentes,...)
- Desenvolvemento dunha metodoloxía de análise para a estimación da poboación turística equivalente. Calculo da Carga de Poboación Estacional e desagregación por tipoloxía.
- Deseño de indicadores de sostenibilidade, social, economía e medioambiental a escala local.
- Deseño de Enquisas (Residentes/Peregrinos) adaptadas o contexto do camiño portugués.

FASE I: DETALLE INFORMACIÓN DE CAMPO RESIDENTES. CARACTERIZACIÓN DOS TERRITORIOS en GALICIA e NORTE PORTUGAL (Abril 2020 – Agosto 2020)

- Recolección de información de Campo:
 - o Enquisa a Residentes (Caldas de Reis, Tui e Oia).
 - o Enquisa a Residentes (Caminha/Ponte da Lima).
- Entrevistas en profundidade con axentes clave do concello e da comarca.
- Caracterización da actividade turística no territorio/análise da oferta e demanda turística no camiño (oferta aloxamento e restauración, tipoloxía de visitantes, turistas, excursionistas, peregrinos).
- Caracterización da dinámica demográfica.
- Evolución do emprego e a produción.

- Análise percepción Residentes
- Visualización dos resultados nun entorno web
- Elaboración dun documento de síntese que incorpore os desenvolvementos metodolóxicos, os resultados acadados e as principais conclusións.

FASE II. DETALLE INFORMACIÓN DE CAMPO PEREGRINOS. RECOLECCIÓN DE INFORMACIÓN DE CAMPO. VISUALIZACIÓN RESULTADOS NUN ENTORNO WEB. DOCUMENTO DE SÍNTESES RESULTADOS ACADADOS E PRINCIPAIS CONCLUSIÓN. (Maio 2020-Novembro 2020)

- o Enquisa a Peregrinos (ultimas etapas Caminha/Valenza do Miño)
- o Enquisa a Peregrinos (última etapa Milladoiro/Padrón)
- Análise percepción dos peregrinos.
- Perfil do peregrino e valoración da súa experiencia. Comparación entre territorios.
- Visualización dos resultados nun entorno web
- Elaboración dun documento de síntese que incorpore os desenvolvementos metodolóxicos, os resultados acadados e as principais conclusións.